

- O relato desde unha perspectiva estrutural
- A estrutura da novela: historia e discurso

Estes dous termos, historia e discurso, aparecen da man do formalista **TODOROV** que distingue entre **fábula** e **suxeito**, aínda que xa **ARISTÓTELES** diferenciaba entre **mito** e **dianoia**.

- **Historia**: é o **tema**, que se ten que presentar en orde **cronolóxica** e **lineal**, tendo como base **relacións causa – efecto**.
- **Discurso**: é o **xeito no que se dá a coñecer** o acontecido.
- **Elementos que constitúen o relato**

Historia	Discurso
Tema	Narrador
Argumento	Tempo
Gramática do relato	Espazo
Motivo	Personaxes
Estrutura	
Tempo	
Espazo	
Personaxes	

- **TEMA**: son **limitados**, non así o xeito de presentalos, e uns teñen máis **importancia** ca outros en función do **momento histórico**.
- **ARGUMENTO**: é **máis extenso**, xa que comprende todos os **feitos** do relato.
- **MOTIVO**: é un concepto que xurde da man dos formalistas (distinción entre fábula e suxeito) e que se define coma a **unidade mínima de acción** (heroe que rapta a princesa). Poden ser de **catro tipos**:
- **Libres ou asociados** (tamén chamados ligados):
 - **Libres**: podemos **prescindir** deles sen que iso afecte á acción.
 - **Ligados**: son **imprescindíbeis** para a acción.
 - **Estáticos ou dinámicos**:
 - ♦ **Dinámicos**: relacionados coa acción do **heroe**.
 - ♦ **Estáticos**: **descricións** e **digresións**.
 - ♦ **ESTRUTURA**: debemos analizala atendendo ao **narrador**, o **espazo**, o **tempo**... e non ao contido. Pode ser:
 - Comezo cunha **introdución moi detallada** (*Fortunata y Jacinta*).
 - **Comezo inesperado**, *in medias res*, *ex abrupto* (*O código Da Vinci*).
 - **Desprazamentos temporais** considéraseis no **comezo** (*Crónica de una muerte anunciada*).
 - **Estrutura en escaleira**: cóntase a **mesma historia** dende **diferentes puntos de vista** (*O cuarteto de Alexandría*; *A dama de Shangai*)
 - **Enfiado**: **relatos xustapostos** que están unidos por un **elemento común**, por exemplo, un personaxe (*Percival* e outras historias de Ferrín, *Las Sonatas* de Valle – Inclán).
 - **Encadre**: inclúense **unhas historias dentro doutras**, metanarración (*O Quixote*; *As mil e unha noites*).

- **A historia. As gramáticas do relato ou esquemas actanciais**

Os esquemas actanciais xorden na *Lingüística* e logo son **trasladados** á *Teoría Literaria*. Consisten en **analizar** os **personaxes** dende unha perspectiva distinta: a da súa **función**. Estas funcións serán os **actantes**.

- **Propp**

Propp en *Morfoloxía do conto* (1928) estuda cen contos de fadas rusos e, tras esta **análise**, chega á conclusión de que hai nos personaxes ou actores **funcións** que se repiten. Clasifica estas funcións en **trinta e unha**, reducíndoas a **sete**:

- **Heroe**: é o que realiza a acción, persigue o **obxectivo** do **matrimonio**.
- **Falso hero**: é aquela función que representan os personaxes que se queren **facen pasar polo hero**.
- **Auxiliar**: é a función desenvolvida polos personaxes que **axudan** ao **hero** (desprazándoo no espazo, transformándoo...)
- **Princesa e pai**: a primeira é o **obxectivo** do hero e o segundo intenta **impedir** o matrimonio ou ponlle probas ao hero.
- **Mandatario**: manda cartas, **recados**... ao **hero**.
- **Agresor**: loita **contra** o **hero**.
- **Doante**: prepara un **obxecto máxico**, bo ou malo, para o **hero**.
- **Greimas**

Greimas (*Semántica estrutural do relato*, 1966) é un **estruturalista francés** que, partindo dos esquemas do lingüista **Tesnière** e da mesma idea ca **Propp** elabora a seguinte **clasificación de actantes**:

D1 (destinador)		D2 (destinatario)
	S (suxeito)	
	O (obxecto)	
Ax (axudante)		Op (opoñente)
Aux (auxiliado)		

- ♦ **Suxeito**: realiza a **acción principal**.
 - ♦ **Obxecto**: é o **obxectivo** do suxeito.
 - ♦ **Destinador**: é a forza que **promove** a acción do suxeito e **sanciona** o que este fai.
 - ♦ **Destinatario**: é o **beneficiario** da acción do suxeito.
 - ♦ **Axudante e auxiliado**: son forzas que **axudan** ao suxeito.
 - ♦ **Opoñente**: **dificulta** a acción do suxeito.
- **Barthes**

En *Introdución á análise estrutural do relato* (1966) distingue entre as seguintes **funcións**:

- ♦ **Nucleares**: accións **importantes** que afectarán noutras posteriores.
- ♦ **Catálises**: accións **sen importancia** que poderían suprimirse sen que isto afectase ao desenvolvemento da historia.

Barthes aplica a súa teoría ás novelas de 007.

- **O discurso. Conceptos e modelos de enunciación narrativa. Niveis de enunciación narrativa. A modalización narrativa**

Entendemos como narración a administración dun **tempo** dende unha **perspectiva** determinada cunha modalidade ou **discurso** concretos e a aparición de **personaxes** nun **espazo** determinado.

- **O narrador segundo NORMAN FRIEDMAN**

Friedman elaborou unha das **primeiras clasificacións** do narrador que, se ben está **superada** hoxe en día, séguese a **empregar**.

- **Omnisciencia**: o narrador sabe todo sobre os personaxes, pode ser de catro tipos:
 - ♦ **Omnisciencia editorial ou autorial**: aparece o **autor implícito** xulgando, comentando... as **funcións** do autor poden ser:
 - ◊ **Metanarrativa**: comentarios que non están vencellados ao relato.
 - ◊ **Ideolóxica**: defensa dunha determinada postura, é a máis abundante.
 - ◊ **Hermenéutica**: axuda a entender o texto.
 - ♦ **Omnisciencia neutral**: só aparece o narrador omnisciente, **sen** existir o **autor implícito**.
 - ♦ **Omnisciencia selectiva**: o narrador céntrase nun personaxe mediante o **estilo indirecto libre**.
 - ♦ **Omnisciencia multiselectiva**: o narrador sabe todo pero conta só o que os personaxes, ou reflectors, lle deixan contar. Neste caso o narrador omnisciente **non** se centra **nun só** personaxe.
 - ♦ O **eu testemuña** e o **eu protagonista**: son dúas perspectivas da narración en primeira persoa:
 - ◊ **Eu testemuña**: narra o que **escoitou**, o que **viu** ou **lle contaron** sen el participar neses feitos.
 - ◊ **Eu protagonista**: conta o que el **vivi**u.
 - ♦ O **modo dramático** e o **modo cinematográfico**:
 - ◊ **Modo dramático**: é o que se dá cando os personaxes **dialogan** e o narrador non existe como tal. Tamén se inclúe dentro do modo dramático o **monólogo interior**, porque non deixa de ser un diálogo do personaxe consigo mesmo.
 - ◊ **Modo cinematográfico**: o **narrador** actúa coma unha **cámara cinematográfica** que conta **obxectivamente** o que ve. Responde á corrente psicolóxico – filosófica denominada **Condutismo**.
- ♦ **O narrador segundo GENETTE: a focalización**

A focalización non implica só o **punto de vista** do narrador, senón a **calidade** do que ve ou describe. Pode ser de tres tipos:

- ♦ **Focalización cero ou non focalización**: o narrador sabe todo dos personaxes sen se limitar a uns personaxes concretos.
- ♦ **Focalización interna**: o narrador **sabe todo** o que un(s) **personaxe(s)** lle **permite(n)** saber. Pode ser:
 - ◊ **Fixa**: centrada nun só personaxe.
 - ◊ **Múltiple**: centrada nun grupo homoxéneo de personaxes.
 - ◊ **Variábel**: centrada en máis dun personaxe.
 - ◊ **Focalización externa**: o **narrador** describe dende **fóra** dos **personaxes**, é alleo a eles.

FRIEDMAN	GENETTE
Omnisciencia editorial e neutral	Focalización cero ou non focalización
Omnisciencia selectiva	Focalización interna fixa
Omnisciencia multiselectiva	Focalización interna variábel
Modo dramático e modo	Focalización externa

Ámbalas **dúas propostas teóricas**, a de Friedman e a de Genette, son **complementarias**, mais para facer un comentario podemos cinguirnos só a unha delas.

◇ A voz (GENETTE)

A voz refírese a **quen fala** e **pode coincidir ou non** con **quen ve**. Segundo o narrador estea dentro ou fóra da historia podemos atopar as seguintes voces:

- ◇ **Homodiexética**: o narrador está **dentro** da historia (é un personaxe, conta un feito vivido...). Unha voz homodiexética pode contar a súa propia historia (**eu protagonista**), neste caso sería ademais unha voz **autodiexética**.
- ◇ **Heterodiexética**: o narrador é **alleo** á historia que conta.
- ◇ **A modalidade narrativa ou discurso interno (discurso do narrador + discurso dos personaxes)**. DORRIT COHN / HUMPHREY

A modalidade narrativa pode ser de catro tipos para os que DORRIT COHN, HUMPHREY e a narratoloxía actual nos dan denominacións diferentes (aínda referíndose ao mesmo fenómeno):

<i>DORRIT COHN</i>	<i>HUMPHREY</i>	<i>DENOMINACIÓN MÁIS ACTUAL</i>	<i>ELEMENTO NO QUE SE CENTRA</i>
Siconarración	Descrición omnisciente		Narrador
Monólogo citado	Soliloquio		Personaxe
Monólogo narrado	Monólogo interior indirecto	Estilo indirecto libre	Narrador
Monólogo autónomo	Monólogo interior directo	Monólogo interior, corrente de conciencia (<i>stream of consciousness</i>)	personaxe

- ◇ **Siconarración** ou descrición omnisciente: é o discurso que se corresponde coas **omnisciencias** (non sempre coa selectiva e a multiselectiva) no que un **narrador en terceira persoa** e, polo tanto, alleo á historia, **conta** o que **sinte** ou **pensa** un **personaxe**.
- ◇ **Monólogo citado** ou soliloquio: é o **personaxe** quen **conta** o que pensa ou sinte, non un narrador.
- ◇ Monólogo narrado, monólogo interior indirecto ou **estilo indirecto libre**, caracterízase polos seguintes trazos:
 - O **eu** cámbiase por un **el**, de xeito que vemos pensar ao personaxe a través dun narrador.
 - **Confusión** entre o **narrador** e o **personaxe**, é dicir, non sabemos se ese narrador é o propio personaxe ou é outra persoa.
 - Uso do **imperfecto** ou do **condicional**.
 - Abundancia de **exclamacións, interrogacións, interxeccións...**
 - **Ausencia** de *verba dicendi* ou verbos introdutores.
 - Monólogo autónomo, monólogo interior directo ou **monólogo interior**: o **personaxe** transmite os seus pensamentos e sentimentos de xeito

incoherente e fragmentario, polo que é unha técnica que se achega ao subconsciente.

· **O tempo na novela**

Xunto co narrador e o espazo é un dos elementos máis importantes na análise narratolóxica. A relación tempo – espazo é indisolúbel (cronotopo).

O tempo pode ser:

- **Tempo físico**: o **natural**, medíbel polos astros (día, noite).
- **Tempo crónico**: tempo **domesticado** polos aparatos (reloxos).
- **Tempo psicolóxico**: non está relacionado cos dous anteriores, xa que é o tempo que alguén cre que pasa dependendo de moitas **circunstancias** (estado de ánimo...).
- **Tempo narrativo (GENETTE)**: o tempo narrativo é o que se refire a como o **tempo da historia** (os feitos en orde lóxica e causal) pasa ao **discurso** (cómo se contan eses feitos).

GENETTE fala de **tres elementos** no tempo narrativo: orde, duración e frecuencia.

- **Orde**: adoitan producirse **anacronías** ou saltos no tempo entre o punto de referencia inicial e outros secundarios:

- **Analepse** ou *flashback* (pasado).
- **Prolepse** ou *flashforward* (futuro).

Dentro da orde temos que falar de **dous elementos básicos**:

- **Alcance**: é a distancia que hai entre o punto de referencia inicial e o salto ao pasado ou o futuro.
- **Amplitude**: é o tempo que dura ese salto no tempo, a historia que se conta na analepse ou na prolepse.

Dependendo do **alcance** e da **amplitude** hai **tres tipos** de **analepses** e **prolepses**:

- **Externas** (a maioría): o alcance e amplitude caen fóra do tempo de referencia inicial.
 - **Internas**: o alcance e a amplitude caen dentro do tempo de referencia inicial.
 - **Mixtas**: o alcance cae fora do tempo de referencia inicial, pero a amplitude chega a tocalo.
- **Duración**: refírese ás alteracións no ritmo que se producen en tódalas novelas e contos, é dicir, á **ANISINCRONÍA**. Para estudar a duración debemos ter en conta:
 - **O tempo de lectura.**
 - As **liñas** que o autor dedica a descrições, un ou outro acontecemento...

Dentro da anisincronía podemos atopar:

- ♦ **Elipse:** **omisión** de anacos da **historia** no discurso, pode ser:
 - **Determinada:** menciónase o tempo de duración da elipse.
 - **Indeterminada:** non se especifica o tempo de duración.
 - **Explícita:** existencia de signos no texto que marcan a elipse (espazos en branco).
 - **Implícita:** inexistencia de signos no texto que nos indiquen a presenza dunha elipse.

♦ **Resumo:** non se omiten elementos da historia, pero pasan ao discurso dun xeito máis breve, **resumidos**.

♦ **Escena:** a historia e o discurso **coinciden**, como acontece nos diálogos ou no monólogo interior.

♦ **Pausa:** momentos da historia que no discurso se **prolongan** máis. A pausa pode ser:

◊ **Descritiva.**

◊ **Disgresiva.**

<i>Elipse</i>	<i>Resumo</i>	<i>Escena</i>	<i>Pausa</i>
TH > TD	TH > TD	TH = TD	TH < TD
Axiliza o ritmo		Mantén o ritmo	Ralentiza o ritmo

- **Frecuencia:** entendemos por frecuencia o número de veces que un ou varios feitos da historia se contan no discurso. A frecuencia pode ser:

1F	1D	Frecuencia singulativa (o feito aparece no discurso tantas veces como acontece na historia)
NF	ND	
1F	ND	Frecuencia repetitiva (o feito aparece no discurso máis veces ca na historia)
NF	1D	Frecuencia iterativa (unificación de varios momentos da historia. Exemplo: todas as fins de semana..., non se conta cada fin de semana, senón que se unifican todas)

• O espazo na novela

Debemos entender función coma unha acción feita polo personaxe.

O Estruturalismo francés é herdeiro do Formalismo ruso. Amais de Greimas non podemos esquecer nomear un dos seus máximos representantes: Genette.

O narrador está presente e reflicte o que o personaxe pensa ou di. Caracterízase polo uso do imperfecto.

Termo de Dujardin. Ver punto 2.2. do tema 2.

Termo acuñado por M. Bajtin que fai referencia á relación do tempo e o espazo cun determinado contido ou significado.

Unha analepse ou prolepse non consisten nunha mera referencia ou pasado ou ao futuro (onte/ mañá) senón que é algo máis complexo, ten que se desenvolver esa historia que acontece no pasado ou no futuro.

TH: tempo da historia; TD: tempo do discurso.

F= feito, D= veces que se conta no discurso

Constitúen o eixo principal do esquema

A

B

A

B

B

A